



Emenda n º 36, de Modificación. Artigo 41

Modifícase o artigo 41do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2025, que queda coa seguinte redacción:

<<Artigo 41. Modificación da Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia

Modifícase a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia, no seguinte senso:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

5. O sistema de control de acceso deberá estar operativo en cada unha das entradas das que dispoña o establecemento, que deberá dispoñer dun sistema informático destinado á comprobación dos datos das persoas que pretendan acceder aos ditos establecementos de xogo a fin de impedir o acceso a quen o teña prohibido consonte o disposto nas letras a) e b) do número 1 do artigo 9. O dito sistema informático deberá permitir dispoñer de información actualizada das persoas inscritas no Rexistro de persoas excluídas de acceso ao xogo de Galicia, para o cal estableceranse mecanismos de conexión e interoperabilidade respecto da información que conste no dito rexistro e deberá respectar o disposto na normativa en materia de protección de datos.

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 14, que pasa a ter a seguinte redacción:

5. Así mesmo, as autorizacións de explotación de máquinas de xogo cuxo número total para cada tipo se atope limitado na presente lei ou na normativa de desenvolvemento, outorgaranse por concurso





público consonte o procedemento que se estableza regulamentariamente.

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 37, que pasa a ter a seguinte redacción:

1. Requirirán autorización previa do órgano autonómico de dirección competente en materia de xogo as modificacións que impliquen unha alteración substancial dos planos achegados no seo do procedemento de autorización de instalación dos establecementos de xogo aos que se refire o artigo 29.2, e deberán achegarse coa solicitude correspondente os novos planos de reforma redactados por un técnico ou técnica competente e visados polo colexio oficial correspondente, nos supostos en que proceda.

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 38, que pasa a ter a seguinte redacción:

2. Entenderase que a actividade de xogo resulta meramente marxinal e complementaria cando o número de terminais físicos de xogo instalados no establecemento non supere o número de 2 e non sexan do mesmo tipo.

Cinco. Modifícase a disposición transitoria segunda, que queda redactada do seguinte xeito:

Disposición transitoria segunda. Vixencia transitoria dos regulamentos de xogo

Ata que o Consello da Xunta de Galicia non faga uso da facultade á que se refire a disposición derradeira cuarta seguirán en vigor as normas regulamentarias sobre xogo en todo o que non se opoña a esta lei.





Seis. Engádesse unha disposición transitoria novena, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria novena. Réxime transitorio aplicable ás autorizacións de instalación e localización de máquinas de xogo de tipo B en establecementos de restauración e de ocio e entretemento

A limitación da tipoloxía de máquinas de xogo establecida na definición do carácter meramente marxinal e complementario da actividade de xogo recollida no artigo 38.2, non se aplicará ás autorizacións de instalación e localización de máquinas de xogo de tipo B concedidas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2025.>>

Emenda n º 37, de Modificación. Artigo 51

Modifícase o artigo 54 que queda redactado como segue:

<<Artigo 51. Os instrumentos de desenvolvemento e execución

1. O desenvolvemento e execución dos proxectos de interese autonómico regulados nesta subsección levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos:

- a) Proxecto de delimitación de fases de urbanización.
- b) Proxecto de urbanización.
- c) Proxecto de parcelamento ou proxecto de reparcelamento.

2. Os proxectos de interese autonómico obxecto desta **subsección** poderán incorporar como anexos independentes calquera dos

